

Convocatoria da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos para o día 22 de outubro de 2025

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión do 22 de marzo de 2024, durante o mandato 2023-2027 a Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos, en sesión **ordinaria**, para o **día 22 de outubro de 2025**, ás 16:50 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2025/50N/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de setembro de 2025.

2. 2025/21032Y PRESIDENCIA

Fixación de prezos públicos de edicións do Plan anual de publicacións de 2025.

3. 2025/21596H PRESIDENCIA

Fixación do importe dos prezos públicos das entradas ao parque de atraccións "Pazolandia 25".

4. 2025/21593S PRESIDENCIA

Aprobación da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación pola Deputación Provincial de Ourense.

5. 2025/22146Q PRESIDENCIA

Delegación na Deputación Provincial do exercicio das competencias de xestión, liquidación e recadación en voluntaria e executiva e revisión de actos de tributos e outros ingresos de dereito público do Concello de Cortegada.

6. 2025/22289K PRESIDENCIA

Expediente de modificación núm. 1/2025 do orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento integrado no orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense de 2025.

7. 2025/21767M PRESIDENCIA

Aprobación do expediente número 10/2025 de modificación de créditos consistente na concesión de suplementos de créditos e da modificación do anexo IV das bases de execución do Orzamento vixente da DPOU, financiado con cargo a maiores ingresos recadados.

8. MOCIÓN DE URXENCIA.

9. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.